



## NOTA INFORMATIVA DE PROCESOS SELECTIVOS

### Previsión de convocatorias de exercicios a desenvolver en xuño de 2021

A Disposición Adicional Segunda da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas publicada no DOG núm. 19, do 29 de xaneiro, faculta ao titular da consellería competente en materia de Función Pública, para establecer medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria.

Froito de dita habilitación, publícase a **previsión** das datas e lugares nos que esta previsto que se realicen os procesos selectivos que non puideron desenvolverse regularmente como consecuencia da pandemia ocasionada polo covid-19.

Ditos procesos poderán celebrarse en distintas sedes e a súa distribución virá determinada polo número de aspirantes de cada proceso e polo enderezo reflectido na súa solicitude, así como a quenda ou a opción á que son convocadas. As tres sedes poderán ser:

- SILLEDA: Feira Internacional de Silleda, Recinto Feiral, s/n - 36540 Silleda
- LUGO: Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, Av. dos Deportes, s/n, 27004 Lugo
- VIGO: IFEVI. Avda. do Aeroporto, 772. 36318 Vigo

Unha semana antes da celebración de cada proceso selectivo, todas as persoas aspirantes poderán comprobar na páxina Web da Dirección Xeral da Función Pública, tanto o día de celebración do seu exercicio, a hora de chamada, a sede, o pavillón (1 ou 2) de cada sede e a porta pola que serán chamadas. **Non se permitirá cambio ningún de sede.**

A celebración de ditos procesos conta coa autorización provisional de Saúde Pública que deberá ser confirmada pola autoridade sanitaria, en función da evolución epidemiolóxica da pandemia.





<b>Proceso selectivo</b>	<b>Prazas convocadas</b>	<b>Nº. aspirantes</b>	<b>Data exercicio</b>	<b>Nº exercicio</b>	<b>Hora chamamento</b>	<b>Lugar</b>	<b>Pavillón</b>
C1 Administrativo	91	6117	12.06.2021	1º	9:00	Silleda	1 e 2
						Vigo	1, 2 e 3
						Lugo	1 e 2
III-2 e III-62	6	86	12.06.2021		9:00	Vigo	1,2 ou 3
A1 Superior (libre)	133	664	12.06.2021	2º	16:30	Silleda	1 e 2
I004 Titulado/a superior	41	52	12.06.2021	2º	16:30	Silleda	1
A2 Xestión (libre)	64	192	13.06.2021	2º	9:00	Silleda	1 e 2
II007 Titulado/a grao medio	21	63	13.06.2021	2º	9:00	Silleda	1



## Posibles situacións xeradas pola situación sanitaria polo COVID-19

As persoas aspirantes que non podan realizar o exame nun proceso selectivo por contaxio ou posible contaxio co virus COVID-19, serán convocadas única e exclusivamente nunha segunda data, coa obrigatoriedade de acreditar a súa imposibilidade á Dirección Xeral da Función Pública, nos seguintes casos e do seguinte xeito:

1º) Se a persoa aspirante está ou pode estar **contaxiada co COVID-19**: deberá de acreditar cun test PCR ou informe médico ou certificado do seu médico de cabeceira, realizado/a no prazo de 72 horas inmediatamente anteriores á hora e data na que se vai a iniciar o chamamento para a realización do exercicio, remitindo electronicamente a súa situación sobrevida á Dirección Xeral da Función Pública.

2º) No suposto de que a persoa aspirante non estea contaxiada ou non se determinou o seu contaxio, pero estea **en corentena** como consecuencia de ter un contacto estreito cunha persoa que si está ou estivo contaxiada por dar positivo nun test PCR, deberá xustificarse a posibilidade de pospoñer o exame mediante certificado do Centro de Seguimento de Contactos que concrete esta información e a duración prevista do período de illamento. Advertir que este certificado obterao a persoa aspirante e deberao presentar ante a Dirección Xeral da Función Pública.

Se o contacto é moi recente 24 a 72 horas antes do exame en primeira convocatoria, pode que non lle comunicasen a necesidade de illarse ou que esta decisión non se acorde por estar a valorar as circunstancias. Neste caso, concederáselle provisionalmente a posibilidade de facer o exame na 2ª convocatoria excepcional por COVID-19, pero esta queda expresamente condicionada a que achegue o certificado emitido polo Centro de Seguimento de Contactos. Ese certificado deberao de presentar nun prazo non superior ás 72 horas seguintes á realización do exame en primeira convocatoria e iso habilitaralle para presentarse á 2ª convocatoria.

A documentación acreditativa e nos prazos fixados deberase remitir á **Dirección Xeral de Función Pública – Servizo de Selección**, da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Para isto, deberase empregar o modelo de solicitude xenérica co código PR004A previsto na Orde do 4.5.2017 que aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non teñan un sistema electrónico específico, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal>; ou ben presentará a documentación nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





### MODELO INSTANCIA REMISIÓN DOCUMENTOS

Nome e apelidos		con DNI / NIE
e con domicilio a efectos de notificación en (código postal, concello e provincia)		
rúa, piso e porta		
Teléfono de contacto	correo electrónico	
pola imposibilidade de se presentar á celebración do (número) _____ exercicio do proceso selectivo do subgrupo/categoría/escala:		
convocado para o día e mes	hora	na sede de

achega a documentación acreditativa da súa situación de contaxiada/en corentena/unidade familiar infectada,

<input type="checkbox"/>	Test PCR
<input type="checkbox"/>	Informe médico ou certificado de médico/a de cabeceira
<input type="checkbox"/>	Certificado do Centro de Seguimento de Contactos

e SOLICITA ser chamado/a a unha segunda data.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

(Sinatura)





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 545227 – Fax 981 545225



**DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**  
**Servizo de Selección**  
Consellería de Facenda e Administración Pública  
Edificio administrativo, s/n  
15781 Santiago de Compostela



**Xacobeo 2021**